

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA.
3º TRIMESTRE
5º DE ED. PRIMARIA
CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE FIGUEIROA
CURSO: DE EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIAS: CC.NN, CC.SS, L.GAL., L.CAST, MAT., E.PLÁST.,
VV.SS.CC E REL
DATA: 10 DE MAIO DE 2020

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES TRABALLADOS NO TERCEIRO TRIMESTRE	
Estándares de aprendizaxe traballados no 3º trimestre	Grao mínimo de consecución (Perfil de área)
CIENCIAS DA NATUREZA	
5º-CNB1.1.1-Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, obtén conclusións, elabora informes e comunica os resultados en diferentes soportes.	
5º-CNB1.1.2-Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.	Expresa de forma oral e por escrito contidos relacionados coa área.
5º-CNB1.4.2-Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.	É que de facer a presentación dun proxecto de forma individual e en equipo.
5º-CNB2.1.1-Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano.	Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.
5º-CNB2.1.2-Identifica as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.	Coñece de xeito básico os aparellos do corpo humano e explica as súas funcións.
5º-CNB2.3.1-Investiga sobre enfermidades relacionadas cunha alimentación inadecuada e presenta conclusións en diversos soportes.	É quen de investigar sobre enfermidades derivadas de hábitos non saudables.
5º-CNB2.3.2-Coñece os principios das dietas equilibradas, e elabora menús variados identificando as prácticas saudables.	Diferencia dietas equilibradas e menús saudables.
5º-CNB3.1.1-Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, nomeando as principais características e funcións de cada un deles.	Coñece a organización estrutural dos seres vivos.
5º-CNB3.2.1-Clasifica os seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos.	Clasifica os seres vivos segundo as súas características e diferencia os reinos: animal, vexetal, o dos fungos e outros.
CIENCIAS SOCIAIS	
5º-CSB1.1.1-Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.	Selecciona información usando alomenos dúas fontes distintas e comunícaa de forma oral ou escrita seguindo as indicacións dadas.

5º-CSB1.1.3-Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.	Esfórzase en presentar os traballos de forma ordenada, lexible e limpa.
5º-CSB1.2.1-Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.	Incorpora no seu traballo diario, tanto individualmente coma en grupo, estratexias de participación tolerantes e respectuosas.
5º-CSB1.3.2-Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e /ou escritos de carácter xeográfico, social e histórico.	Comprende as lecturas ou textos orais escoitados e logo pode facer un resume de maneira oral ou escrita.
5º-CSB2.1.1-Describe como é e de que forma se orixinou o Universo e explica os seus principais compoñentes identificando galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa.	Explica como se formou o Universo e identifica os distintos tipos de astros que o forman.
5º-CSB2.2.1-Describe as características, compoñentes do Sistema Solar, localizando o Sol no centro do mesmo e os planetas segundo a súa proximidade.	Describe as principais características do sistema solar definindo os distintos astros que se atopan nel.
5º-CSB2.2.1-Describe as características, compoñentes do Sistema Solar, localizando o Sol no centro do mesmo e os planetas segundo a súa proximidade.	Describe as principais características do sistema solar definindo os distintos astros que se atopan nel.
5º-CSB2.5.1-Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que determinan en España.	Define clima distinguíndoo do tempo atmosférico e recoñece os elementos que inflúen nel.
5º-CSB2.6.1-Explica que é unha zona climática, nomeando as tres zonas climáticas do planeta e describindo as súas características principais.	Recoñece as tres zonas climáticas terrestres, as características básicas de cada unha delas e os climas que abranguen.
LINGUA GALEGA	
5º-LG-B1.1.1-Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedentes da radio, da televisión ou de internet, identifica o tema e elabora un resumo.	Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo.
5º-LGB1.2.2-Elabora textos orais sinxelos imitando modelos de calquera medio de comunicación.	Elabora textos orais sinxelos.
5º-LGB1.4.1-Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.	É capaz de participar nunha conversa entre iguais.
5º-LGB1.4.3-Iníciase na elaboración de pequenas exposicións orais na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso.	Iníciase na elaboración de pequenas exposicións orais na aula.
5º-LGB2.1.1-Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.	Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación.
5º-LGB2.1.2-Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo e expositivo).	Extrae a idea principal e secundarias dun texto.

5º-LGB2.1.3-Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.	Selecciona información dun texto deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.
5º-LGB2.1.7-Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.	Utiliza o dicionario para ampliar léxico e resolver dúbidas.
5º-LGB2.2.1-Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións redundantes, relacionándoa co contido do texto que acompaña.	Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións.
5º-LGB2.3.2-Esquematiza as ideas dun texto sinxelo, indicando as ideas principais e secundarias.	Fai o esquema das ideas principais e secundarias dun texto sinxelo.
5º-LGB2.3.3-Realiza o resumo dun texto sinxelo.	Realiza o resumo dun texto sinxelo.
5º-LGB2.4.1-Deduce o posible contido dun texto sinxelo antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.	A través dun título e as ilustracións deduce o título e o contido dun texto.
5º-LGB2.6.1-Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas.	Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto.
5º-LGB2.11.1-Selecciona persoalmente as lecturas que desexa realizar e é quen de xustificalas en función dos seus gustos e necesidades.	Selecciona textos do seu interese.
5º-LGB3.1.2-Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia e cohesión, de maneira xeral, os enunciados.	Redacta textos coherentes con axuda.
5º-LGB3.1.3-Utiliza os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).	Utiliza os signos de puntuación.
5º-LGB3.1.4-Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa, habitualmente, unha linguaxe non sexista.	Aplica normas ortográficas básicas.
5º-LGB3.2.5-Resume o contido de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.	Resume o contido de textos de diferentes ámbitos.
5º-LGB3.7.1-Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado, en calquera soporte.	Amosa interese por presentar correctamente en diferentes soporte os traballos escritos.
LINGUA CASTELÁ	
5º-LCB1.1.1-Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos ao grao de formalidade dos contextos nos que produce o seu discurso: debates, exposicións planificadas, conversas.	Adapta o rexistro lingüístico (formal/informal) ao contexto no que debe intervir: debate, dramatización, exposición, etc seguindo as pautas dadas polo mestre.
5º-LCB1.1.3-Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de	Mantén a atención e respecta as quendas nos intercambios orais na aula sen

quendas, participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora e normas básicas de cortesía.	interromper aos compañeiros.
5º-LCB1.2.2-Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume axeitados.	Adapta a súa pronuncia e dicción á situación concreta, creando un discurso entendible.
5º-LCB1.3.2-Participa activamente e con coherencia na secuencia das súas ideas en diversas situacións de comunicación: - diálogos -exposicións orais seguindo modelos e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e comunicación.	Participa activamente en diálogos e exposicións orais respectando as normas.
5º-LCB1.4.1-Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.	Utiliza un vocabulario axeitado á súa idade e incorpora parte do novo.
5º-LCB1.5.1-Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais	Identifica tema e ideas principais dun tema en diversa tipoloxía de textos orais habituais.
5º-LCB1.7.1-Elabora comprensiblemente textos orais do ámbito escolar e social e de diferente tipoloxía, seguindo unha secuencia lineal, adecuados ao nivel e imitando modelos	Elabora, imitando modelos, textos orais breves e sinxelos atendendo á forma da mensaxe.
5º-LCB1.8.1-Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita activa, recollida de datos, pregunta e repregunta, para obter información e verificar a comprensión.	Pregunta con coherencia e respectando as normas básicas de comunicación.
5º-LCB2.1.1-Le en voz alta diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación adecuada.	É capaz de ler atenta e correctamente todo tipo de textos apropiados á súa idade.
5º-LCB2.1.3-Comprende información global e específica en textos de diferente tipoloxía do ámbito escolar e social:	Comprende a información mais salientable dun texto.
5º-LCB2.1.4-Resume textos lidos de diferente tipoloxía e adecuados a súa idade, reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.	Comprende o tema e as ideas principais dun texto, polo tanto pode resumilo e contestar preguntas sobre el.
5º-LCB3.1.1-Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá e do ámbito social e escolar, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos): diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instrucións, normas...	Escribe, en diferentes soportes, textos dunha dificultade axeitada á súa idade, do ámbito escolar e social: atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa.
5º-LCB3.1.2-Escribe textos organizando as ideas con cohesión básica e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	Escribe textos, organizando as ideas e aplicando as regras ortográficas de

	nivel e coidando a presentación.
5º-LCB3.1.6-Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza.	Coida os seus traballos e preséntaos con limpeza e pulcritude.
5º-LCB3.3.1-Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel nos seus textos escritos.	Trata de aplicar as normas de puntuación, acentuación e ortografía evitando un número elevado de erros.
5º-LCB4.1.1-Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras.	Recoñece e clasifica distintas clases de palabras: nome, verbo, adxectivo, pronomes, artigos sen cometer moitos erros.
5º-LCB4.2.2-Recoñece palabras compostas, prefixos e sufixos e crea palabras derivadas.	Distingue entre palabras compostas, derivadas e como se forman.
MATEMÁTICAS	
5º-MTB2.2.1-Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	Le, escribe, descompón, ordena e redondea os números de ata nove cifras sen cometer case erros.
5º-MTB2.2.2-Ordena números enteiros, decimais e fraccións básicas por comparación, representación na recta numérica e transformación duns noutros.	Ordena os números e represéntaos graficamente.
5º-MTB2.3.2—Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.	Realiza o redondeo á décima, centésima e milésima.
5º-MTB2.3.3-Ordena fraccións aplicando a relación entre fracción e número decimal	Ordena fraccións converténdooas antes en números decimais.
5º-MTB2.4.1—Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.	Realiza operacións combinadas seguindo a xerarquía correcta no uso das operacións cometendo neste proceso poucos erros.
5º-MTB2.5.1--Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número.	É quen de sumar e restar fraccións co mesmo numerador sen erros e calcula o produto dunha fracción por un número.
5º-MTB2.5.2-Realiza operacións con números decimais.	Suma, resta, multiplica e iníciase na división con números decimais nos contextos nos que o precisa.
5º-MTB2.6.3-Identifica múltiplos e divisores empregando as táboas de multiplicar.	Aplica o concepto de múltiplo e divisor usando para atopalo as táboas de multiplicar.
5º-MTB2.6.7-Entende o concepto de múltiplo e divisor usando para elo as táboas de multiplicar.	É quen de descompoñer un número decimal atendendo ao valor da posición das súas cifras.
5º-MTB3.1.1-Estima lonxitudes, capacidades, masas e superficies; elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.	Fai estimacións sobre as distintas magnitudes de medida nos obxectos cotiáns.

5º-MTB3.2.1-Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa e superficie en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.	Iníciase no uso de sumas e restas de magnitudes diferentes usando as unidades axeitadas a cada magnitude.
5º-MTB3.2.2-Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.	Transforma unha medida complexa en outra incomplexa sen cometer moitos erros.
5º-MTB3.4.2--Mide ángulos usando instrumentos convencionais.	Mide ángulos de maneira axeitada usando o transportador.
5º-MTB4.1.1--Identifica e representa ángulos en diferentes posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice?	Recoñece e debuxa ángulos consecutivos, adxacentes e opostos polo vértice sen cometer erros.
5º-MTB4.1.2-Traza unha figura plana simétrica doutra respecto dun eixe.	É quen de completar unha figura plana simétrica sinxela partindo do eixe sen cometer erros.

EDUCACIÓN PLÁSTICA

5º-EPB2.1.1-Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, cuidando o material e o espazo de uso.	Elabora as súas composicións empregando as técnicas, os materiais e os instrumentos máis axeitados para cada actividade; e, respectando o materiais e o lugar de traballo.
--	--

AS COMPETENCIAS TRABALLADAS NO TERCEIRO TRIMESTRE

Durante este trimestre traballaremos fundamentalmente as competencias lingüística (CL), matemática e científico tecnolóxica (CMCT), a competencia dixital (CD) e a competencia aprender a aprender (CAA).

As dúas primeiras -CL e CMCT- son ferramentas necesarias para o desenvolvemento dunha aprendizaxe eficiente e autónoma. No deseño das actividades buscaremos desenvolver a comprensión e expresión escrita e oral, a busca de información, ampliación de vocabulario e redacción de informes ou textos de diferente tipo. E ao mesmo tempo buscaremos actividades destinadas a achegarse a aos contidos básicos da ciencia e da matemática tratando de deseñar tarefas que teñan en conta os procesos de acceso e comprensión de contidos, aplicación e análise dos mesmos e de síntese e creación.

En canto á Competencia Dixital o propio sistema de traballo está favorecendo a utilización de aplicacións e ferramentas tecnolóxicas novas e a utilización destes recursos para a busca de información e creación de contido.

A forma de traballo empregado supón activar no alumnado técnicas de aprender á aprender destacando a organización autónoma, a capacidade de seguir orientacións e facer un uso correcto das mesmas e ter confianza e motivación para sentir que son quen de abordar o traballo de outro xeito. Polo tanto, a Competencia de Aprender a Aprender é outra das competencias que se está a traballar de forma exhaustiva.

1. Avaliación e cualificación

En Educación Primaria a programación é realizada dende as titorías polo que os procedementos e instrumentos empregados son válidos para todas as materias.

Avaliación	Procedementos: <ol style="list-style-type: none">1. Observación sistemática a través de aplicacións telemáticas.2. Análise de producións.3. Intercambios orais co alumnado.4. Probas específicas.
	Instrumentos: <ol style="list-style-type: none">1. Listas de control de realización de actividades propostas.2. Análise de traballos postos ao alumnado tales como informes, resumes, gravacións, etc.3. Entrevistas co alumnado.4. Resolución de exercicios e actividades propostas.
Avaliación Terceiro Trimestre e cualificación final	<p>A avaliación realizada terá como finalidade o diagnóstico da situación de cada alumno e será formativa. Terá como finalidade ben a recuperación da materia non superada en trimestres anteriores ou poderá mellorar a cualificación anual dos alumnos.</p> <p>Nas materias onde a avaliación ordinaria era continua (L.GAL., L.CAST., Ed. Plástica, VV.SS.CC e REL) a nota coincidirá coa da segunda avaliación se esta é positiva e poderá valorarse un incremento da mesma se o mestre á vista do traballo realizado por cada alumno ou alumna neste terceiro trimestre o considera oportuno. No caso de alumnos con algunha destas materias pendentes nos primeiros trimestres valorárase a recuperación das mesmas á vista do traballo realizado.</p> <p>No caso das materias nas cales a avaliación ordinaria proceda da media aritmética dos trimestres (MAT., CC.NN e CC.SS) farase sobre os tres trimestres se a avaliación dos dous primeiros era positiva e terase en conta o terceiro trimestre (que dá a opción de recuperar os dous primeiros en caso de que non fose positiva).</p> <p>Na avaliación ordinaria final seguiremos mantendo os criterios de cualificación sinalados: Nas áreas de L.G, L.C, E.P, VV.SS.CC. e REL a avaliación será continua e nas áreas de MAT, CCNN e CCSS a nota da avaliación final coincidirá coa da terceira se nos dous primeiros trimestres a materia estaba suspensa pero logrou recuperar durante a terceira avaliación. No caso de ter os primeiros trimestres aprobados a cualificación será a media dos tres trimestres tal como sinala a programación.</p>

Alumnado de materia pendiente	O alumnado con materia pendente en primaria será avaliado no curso que actualmente estea realizando desa materia. No momento en que un alumno logra o aprobado considerase que superou a materia do curso anterior.
--------------------------------------	---

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>MATEMÁTICAS: Exercicios prácticos con contidos pertencentes a unidades didácticas traballadas nos dous anteriores trimestres para consolidar coñecementos xa adquiridos. Actividades relacionadas con necesidades que xorden na vida diaria para aplicar eses coñecementos en situacións prácticas. Estas actividades de reforzo e repaso servirán de RECUPERACIÓN a aqueles alumnos ou alumnas que non teñan superada a materia dos dous primeiros trimestres.</p> <p>L.G E L.C: As actividades planificadas para este trimestre serán de repaso, reforzo e consolidación dos estándares antes sinalados.</p> <p>CC.NN e CC. SS: Realizaranse tarefas interdisciplinares con lingua galega para o reforzo e repaso de contidos sobre os seres vivos e con ampliación de algúns aspectos do bloque relacionado coa materia e a enerxía en CCNN e coa Idade Media en CC.SS.</p> <p>VV.SS.CC E E.P: Recibirán propostas lúdicas a través do visionado de curtas ou lecturas recomendadas e en Educación Plástica ofreceránselle propostas variadas e lúdicas que serán voluntarias para que poidan poñer en práctica a súa creatividade.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Neste momento todo o alumnado de quinto traballa con conectividade e cadanseu portátil xa que formamos parte do proxecto E-Dixgal. A metodoloxía seguida polas titoras de quito está sustentada no uso da plataforma EVA do proxecto E-Dixgal, a través da cal enviamos e recibimos traballos do alumnado e a utilización de actividades interactivas SNAPPET na especialidade de Inglés e o deseño das actividades interdisciplinares propias. A planificación é semanal subindo cada luns unha programación coas propostas para a semana que van distribuindo no tempo segundo as súas preferencias. Ao mesmo tempo a través da mensaxería da plataforma en todo momento o alumnado pode interactuar con nós e facer preguntas ou pedir axuda.</p> <p>As actividades propostas poden ser interactivas e autoavaliabes ou poden ser enviadas como tarefas que logo corriximos e comentamos a cada alumno e con Abalar móbil facemos chegar avisos ou comentarios ás familias sobre o seguimento do alumnado así como titorías</p>
Materiais e recursos	<p>Portátil E-dixgal Proxecto E-Dixgal. Snappet.</p>

	Repositorio Abalar. Tarefas e actividades deseñadas Materiais dixitais seleccionados polas titoras. Uso de aplicacións informáticas das que dispoñen no portátil. Biblioteca dixital ELBE- 2 Biblioteca do centro.
--	---

3. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Farase unha comunicación ás familias empregando o Abalar Móbil.
Publicidade	Na páxina web do centro.